



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono: 881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

# PLAN DIXITAL 2022-2023



## CPI DE ATIOS



## ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

<b>1.</b>	<b><u>INTRODUCCIÓN</u></b>	<b>Páx.03</b>
1.1.	Datos básicos do centro	Páx.03
1.2.	Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	Páx.04
1.3.	Breve xustificación do mesmo	Páx.07
1.4.	Proceso de elaboración	Páx.08
<b>2.</b>	<b><u>SITUACIÓN DE PARTIDA</u></b>	<b>Páx.09</b>
2.1.	Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	Páx.09
2.2.	Fontes empregadas para a análise DAFO	Páx.15
2.3.	Análise DAFO	Páx.10
<b>3.</b>	<b><u>PLAN DE ACCIÓN</u></b>	<b>Páx.20</b>
3.1.	Obxectivos, indicadores e accións	Páx.20
3.2.	Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	Páx.37
<b>4.</b>	<b><u>AVALIACIÓN DO PD</u></b>	<b>Páx.38</b>
4.1.	Seguimento do Plan de Acción	Páx.38
4.2.	Propostas de mellora (revisión)	Páx.40
<b>5.</b>	<b><u>DIFUSIÓN DO PD</u></b>	<b>Páx.41</b>



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Datos básicos do centro

O centro está situado no Concello de Valdoviño, ao norte da provincia de A Coruña, na comarca de Ferrolterra á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño. A nosa ficha de identidade é a seguinte

CENTRO	Centro Público Integrado Atios de Valdoviño
ENDEREZO	Avda. San Sadurniño, 33
LOCALIDADE	Valdoviño
DISTRITO POSTAL	15552
TELÉFONO	881 938 106 / 881 938 107
CÓDIGO DO CENTRO	15018148
CORREO ELECTRÓNICO	cpi.atios@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB DO CENTRO	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/">http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/</a>

No CPI de Valdoviño pódense cursar estudos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (ESO), a composición por etapas queda así:

Educación Infantil					Educación primaria														
4ºA	4ºB	5ºA	6ºA		1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB	6ºC		
13	12	19	25		20	20	21	21	23	22	18	18	24	25	18	18	18		
<b>69</b>					<b>266</b>														
Educación secundaria																			
1ºA		1ºB		2ºA		2ºB		2ºC		3ºA		3ºB		3ºPDC		4ºA		4ºB	
19		19		22		19		21		20		16		6		27		24	
<b>192</b>																			

#### 1.6.2. O claustro

No curso actual, o CPI de Valdoviño ten 527 alumnos e alumnas, o que supón O mesmo alumnado que o curso pasado.

O claustro está composto por 52 membros, una profesora comparte centro co CPI do Feal e outras dúas teñen contrato de media xornada.

Profesorado de E. Infantil	Profesorado de E. Primaria	Profesorado de E. Secundaria
5	21	26



## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### Situación xeográfica

O CPI de Atios está situado á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño, na Avda. de San Sadurniño nº 33 no lugar de Atios de Arriba .

Está na parte alta do núcleo de poboación que forma a capital do Concello o que permite desfrutar dunha das mellores vistas da praia e da lagoa da Frouxeira.

O entorno é privilexiado, aínda que a vexetación autóctona foi substituída por monocultivo de eucaliptos.

A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos (Narón, Ferrol, Cedeira, San Sadurniño) é bastante boa no relacionado coa rede viaria pero precisa melloras en canto ó servizo de transporte público.

### Demografía

Dende o punto de vista socio-xeográfico o único que se pode considerar como núcleo semiurbano é a capital municipal pois o que predomina é a configuración rural e diseminada.

A meirande parte das vivendas, unifamiliares de baixo e planta, son de boa calidade pero presentan un grao de dispersión elevado con respecto ao Centro, o que fai necesario que un 95% do alumnado utilice o transporte escolar e un 54% o comedor escolar.

Moitas das vivendas non están habitadas pola familia nuclear, senón que conviven outros familiares (avós, tíos,...).



### Análise das familias.

Na análise da composición social ou procedencia económica das familias verificamos que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa, dedicándose os pais a traballar no sector terciario ou nas industrias dos Concellos limítrofes.

No aspecto socio-cultural, a formación académica das familias presenta un nivel predominante de estudos básicos, ás veces incompletos, se ben a tendencia dos últimos anos é a dunha progresiva mellora da situación acadando un nivel de estudos secundarios nunha porcentaxe bastante alta da poboación comprendida entre os 18 e os 25-30 anos.

Con todo, e sen esquecerse desta constante progresión socio-cultural, o contexto no que está a exercer a súa acción educativa o CPI de Atios é dunha clase social media-baixa, cunha concepción da escola na que pouco a pouco vai aparecendo a convicción sobre o seu carácter educativo, ademais do asistencial, pero aínda moi lonxe da filosofía que debe presidir a relación familia-escola.

### O noso alumnado

A procedencia do noso alumnado é a seguinte: un 75% aproximadamente procede das parroquias máis próximas á capital municipal: Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro, San Bartolo e Aviño e o 25% restante de Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa.

Os nenos e nenas de Valdoviño incorpóranse ó CPI en Educación Infantil e o resto unha vez que remata a etapa de ensino no CRA “ O Esquíu”.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas e teñen como lingua materna o galego nun 80%.

Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias; así, no seo de familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcense resultados escolares satisfactorios de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con



dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias afectivas e de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios. En demasiados casos, e debido ao traballo das familias, moito alumnado pasa o tempo de lecer só, a cargo de irmáns maiores ou dos avós.

**- *Incorporación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.***

A finalidade do noso centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que ven recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

Neste curso 22 / 23 se recollerán na Programación Xeral Anual as primeiras actuacións do Plan Dixital para finalmente quedar implementado definitivamente, de maneira efectiva, no Proxecto Educativo do centro.

**- *Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.***

O plan dixital de centro estará interrelacionado de maneira transversal co resto de plans e proxectos que actualmente desenvolvemos no centro.

A relación máis directa será a que teña co Proxecto Edixgal, que o centro leva desenvolvendo xa dende o curso 2010 / 2011 (Proxecto Abalar) co claro obxectivo de transformar as aulas tradicionais en dixitais e mellorar a calidade do sistema educativo gracias a integración das TIC e coa implicación de toda a comunidade educativa.



Por outra banda tentaremos que o plan estea moi presente nos tres proxectos que sempre desenvolve o CPI de Atios, como son o Contratos-Programa, Clube de Ciencia e por suposto no Plan de Formación para o Profesorado onde temos un itinerario onde traballamos o ensino virtual e as novas tecnoloxías”.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital de Centro recollerá as accións para desenvolver e mellorar a competencia dixital da organización.

Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión de tecnoloxías é imparabile, parece que xa se consolidaron unha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón tamén todos aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa.

Tendo en conta o mundo no que vivimos, é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, mirando o centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolto co impulso do equipo directivo dun centro.

O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción en base á seguinte lexislación:

- *A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así nos artigos 19, 24, 25, 111bis, 121 e 132 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*



- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

#### 1.4 Proceso de elaboración

Para o deseño do Plan Dixital de Centro é fundamental saber de que situación se parte, para o cal houbo que facer un diagnóstico previo que levou a unha avaliación do nivel dixital do centro para posteriormente marcar as estratexias e obxectivos a seguir. Para isto creouse, ao principio do curso escolar, unha actividade no PFPP onde participou o equipo directivo e o profesorado dos tres niveis educativos.

O reparto de tarefas foi moi importante e traballouse de forma cooperativa e, paso a paso, para chegar á redacción deste plan.

Os pasos a seguir foron:

- Reunións periódicas para a posta en común de información.
- Revisión da situación real do centro coas enquisas SELFIE e o Test CDD.
- Análise dos datos obtidos e realización do esquema DAFO.
- Elaboración do Plan de Acción e obxectivos.
- Redacción final do Plan Dixital.

Así mesmo, destacamos a participación deste equipo de dinamización (equipo directivo e profesorado das tres etapas educativas) no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro, tanto pola visión global que desde a súa responsabilidade pode achegar (na fase de deseño), como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que





permitan o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implementación).

O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.
- Debe conter obxectivos claros.
- Ser viable e dinámico e estar consensuado e organizado.

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

Nos último cinco anos a Administración realizou un conxunto de actuacións para a mellora do centro en canto as condicións de conectividade, tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento das nosas tarefas cotiás, no referente ao uso nas novas tecnoloxías.

#### **– Infraestrutura de datos**

Na imaxe reflexamos os datos de conectividade que actualmente ten o noso centro

CONEXIÓN	BAIXADA	SUBIDA	PING
Cableada	185,7 Mbps	325,7 Mbps	50
WIFI “abalar”	110,3 Mbps	259,2 Mbps	43
WIFI “edu.xunta.es”	158,7 Mbps	253,6 Mbps	44



– **Infraestructura de voz**

O centro dispón dunha rede de telefonía que funciona correctamente, distribuída do seguinte xeito:

1 liña en conserxería que definimos como principal.

4 liñas nos despachos de dirección: unha en administración, unha no despacho de dirección, unha no despacho de xefatura de estudos e unha no despacho de secretaría.

1 liña no Departamento de Orientación.

1 liña no despacho da mentora ADIX.

– **Conexións**

Cableadas: a totalidade de aulas, aulas específicas, despachos de dirección e departamentos dispón de puntos de conexión cableados, coa súa IP correspondente.

Sen fíos: temos repartidos polo centro, ata un total de 23 routers que permiten a cobertura as dúas redes sen fíos , “ABALAR 5G” e “edu.xunta.es 5G”.

9 routers na planta baixa

12 routers no primeiro andar

10 routers no segundo andar

***Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:***

ESPAZOS	PIZARRA	PROYECTOR	PC	MONITOR
<b>CONSERXERIA</b>	NON	NON	OPTIPLEX 740	DELL 1708FPF
<b>4ª EI A15-AGROS</b>	SMARTBOARD	BENQ	HACER ASPIRE 57332	NON
<b>5ª EI A17-ARNELA</b>	PROMETHEAN	HITACHI IPJ-AW250N	CLONICO	DELL 1708FPF
<b>5ªB EI A13-ALDARETE</b>	PROMETHEAN	EPSON EB420	OPTIPLEX 745	DELL 1708FPF
<b>6ª EI</b>	PROMETHEAN	EPSON EB-670	HP PROBOOK 450 G3 (	NON
<b>6ªB EI A9-BACORELLE</b>	PROMETHEAN	EPSON EB 680	HP 255 G7	NON
<b>DESDOBRE A11-AVIÑO</b>	NON	EPSON EMP-83H	HP COMPAQ ELITE 8300	SAMSUNG 923NW



ESPAZOS	PIZARRA	PROYECTOR	PC	MONITOR
1ª EP A5-BADALAS	PROMETHEAN	EPSON EB440W	HP 250 G6 NOTEBOOK	NO
1ª EP A18-LONGRA	PROMETHEAN	HITACHI IPJ-AW250N	CLONICO	DELL 1708FPF
2ª EP A7-BROÑO	PROMETHEAN	EPSON EB420	LENOVO R61	NON
2ª EP A20	PROMETHEAN	EPSON EB440W	ACER	NON
3ª EP A1-CANDAIL	PROMETHEAN	OPTOMA	ALDA PRO MB0021	DELL 1708FPF
3ª EP A3-BASILLON	PROMETHEAN	EPSON EB440W	HP COMPAQ 8000 ELITE	DELL 1708FPF
4ª EP B5-DOMONDO	PROMETHEAN	OPTOMA	HACER ASPIRE 57332Z	NON
4ª EP B7-DONELLE	SMARTBOARD	OPTOMA DAWSBG	HACER ASPIRE 57332Z	NON
5ª EP B11-COVAL	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL +18 PORTÁTILES</b>	NON
5ª EP B9-CERDAL	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL +17 PORTÁTILES</b>	NON
5ª EP B13-CASIANES	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL +17 PORTÁTILES</b>	NON
6ª EP B15-CASTIDO	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL +18 PORTÁTILES</b>	NON
6ª EP B17-CANDAIL	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL +18 PORTÁTILES</b>	NON
PT EP-AULA	NON	NON	ALDA PRO Q45F	SAMSUNG 710N
AL EP-AULA	NON	NON	HP 24 ALLINONE	NON
DESDOBRE EP	NON	EPHOS	HACER TRAVELMATE 6593	NON
ADMINISTRACION	NON	NON	HP COMPAQ 8000 ELITE	DELL
			HP COMPAQ 8000 ELITE	LENOVO
DIRECCIÓN	NON	NON	HP COMPAQ 8000 ELITE	HP
XEFATURA ESTUDOS	NON	NON	HP COMPAQ 8000 ELITE	DELL
			HP COMPAQ 8000 ELITE	LG
SECRETARIA	NON	NON	HP COMPAQ 8000 ELITE	PHILIPS
SALA DAS FAMILIAS	NON	NON	NON	NON

ESPAZOS	PIZARRA	PROYECTOR	PC	MONITOR
1ª ESO B3-ENTRERRIOS	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 23 PORTÁTILES</b>	NON
1ª ESO C3-LAGARES	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 21 PORTÁTILES</b>	NON
1ª ESO C5-LOIRAVELLA	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 20 PORTÁTILES</b>	NON
2ª ESO C7-LOUSADA	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 19 PORTÁTILES</b>	NON
2ª ESO C9-LANZÓS	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 20 PORTÁTILES</b>	NON
3ª ESO C13- GONZALVI	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 21 PORTÁTILES</b>	NON
3ª ESO C15-FORCADAS	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 25 PORTÁTILES</b>	NON
3ª ESO B-8 FRAGUIZÓN	NO	OPTOMA	ASUS X501U+ 7 PORTATILES	NON
4ª ESO B-11 COVAL	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 22 PORTÁTILES</b>	NON
4ª ESO B-17 CANDAIL	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL</b>	<b>EDIXGAL + 22 PORTÁTILES</b>	NON
LABORATORIO	NO	EPSON EMP 83H	LENOVO L540	NON
PLÁSTICA	NO	EPSON EMP 83H	CLONICO	NON
TECNOLOXÍA	NO	NO	OPTIPLEX 740	DELL 1708FPF
			HP 3168NGW X3	NON
			LENOVO B50-SO X2	NON



			HP MODEL 15-DA0031NS X1	NON
PT-MOTÓRICOS	NO	NO	EDIXGAL	NON
PT ESO-AULA	NO	NO	OPTIPLEX 740	PHILIPS 170C
ADIX-DEPARTAMENTO	NO	NO	ACER TRAVELMATE 6592	NON
D. ORIENTACION	NO	NO	HP COMPAQ ELITE 8300	LENOVO MD20521
MÚSICA	NO	??	CLONICO	SAMSUNG 923NW
INFORMÁTICA	NO	EPSON EB420	21 EQUIPOS	21 PANTALLAS
BIBLIOTECA	NO	NO	OPTIPLEX 740	DELL 1708FPF
			ASUS X55C (W8)	NON
			3 EQUIPOS AMTEGA	NON
			CLÓNICO	NON
			SAMSUNG P2370	NON
C19-MONTEFARO	AMTEGA	EPSON EB570	ACER TRAVELMATE 6593	NON
C20-SAN BARTOLO	PROMETHEAN	EPSON EB440	DELL LATITUDE E6420	NON
SALA PROFESORES	NO	NO	*ACER TRAVELMATE 6593	NON
			ASUS X510U	NON
			PORTATIL EDIXGAL	NON

### **Servizos dixitais educativos:**

No noso centro temos en funcionamento os seguintes servizos dixitais que nos axudan tanto na xestión administrativa, como na docencia ou na transmisión de información cara ao exterior:

Páxina web do CPI ATIOS: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/>

Aula Virtual do CPI DE ATIOS: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/aulavirtual/>

Correo corporativo @edu.xunta.gal: [cpi.atios@edu.xunta.gal](mailto:cpi.atios@edu.xunta.gal)

E-Dixgal: <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>

Espazo Abalar: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>

AbalarMóbil: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil>

Ferramenta de videoconferencia EDUXUNTA WEBEX: <https://eduxunta.webex.com>

Blogue da Biblioteca: <http://bibliatios.blogspot.com/>



Blogue de Tecnoloxía: <http://tecnoloxiaatios.blogspot.com/>

Blogue de Obradoiro de Robótica: <https://atiosobradoirorobotica.blogspot.com/>

Blogue do Club de Ciencia: <https://clubcienciaatios.blogspot.com/>

### ***Xestión do mantemento do equipamento do centro.***

A xestión do mantemento do equipamento do centro é compartida entre a asistencia que recibimos por parte de AMTEGA, co seu SERVICIO PREMIUM, e por unha empresa privada contratada polo centro "2KSYSTEM" que é a encargada do mantemento informático do todo os elementos dixitais que non pertence ao proxecto E-DIXGAL.

### ***Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC***

Dende o CPI de Atios temos claro que son moitos os beneficios que aportan ás novas tecnoloxías aos procesos de ensino-aprendizaxe: información actualizada e de acceso doado, creación de contidos...pero á vez a rápida evolución de todo isto tamén pode traer problemas de convivencia nas aulas. Por iso a prevención é o mellor medio para evitar situacións indesexables.

Para conseguir isto ten que haber unha regulación do uso de todo este material (e de internet en xeral) co fin de evitar un mal uso das TICs de forma intencionada ou por desinformación.

Todo isto está recollido no NOF (normas de organización e funcionamento do centro) e no noso plan de convivencia.

O plan de acción titorial recolle tamén a participación da Garda Civil en titorías co alumnado da ESO e cos últimos cursos de EP para conciencialos dos perigos



da rede. Nos últimos anos estas charlas chegan a niveis máis baixos xa que o que observamos é que cada vez o alumnado máis novo ten antes contacto directo coa rede e cos móbiles.

Neste plan ademais o uso das TICs facilita a comunicación entre as familias, os docentes e os titores/as xa que hai comunicación a través de Abalar, de Edixgal e de correo electrónico evitando así, na maioría dos casos, as reunións presenciais ou o uso do teléfono xa que estas plataformas facilitan a conciliación familiar pois cada quen as usa no horario que máis lle convén pero segue habendo comunicación.

Así mesmo o noso centro recolle no proxecto de dinamización das TICs obxectivos ambiciosos como deseñar programas de apoio a alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (relacionadas directamente co plan xeral de atención á diversidade) e que actualmente xa estamos empregando para a comunicación cunha alumna ucraína escolarizada no centro.

As TICs ademais dado que permiten acceder a enciclopedias, foros, webs, blogs...están moi presentes no proxecto lingüístico, no plan lector e no plan da biblioteca.

A biblioteca ten vídeos de formación de usuarios subidos a Atios TV, un fondo virtual de lecturas dixitais na páxina web do colexio (no apartado de biblioteca), un espazo que dá soporte e continuidade ao Club de Ciencias e materias de Ciencias e de Tecnoloxía e dous dispositivos electrónicos de lectura (son dous kindle).

Finalmente sinalar que, incluso no protocolo do comedor están presentes as TICs xa que o menú mensual cólgase na páxina web do centro a comezo de



cada mes para que as familias poidan programar adecuadamente as ceas dos máis pequenos en función da comida do día.

Así mesmo cada vez máis familias pagan o recibo mensual e mandan o resgardo por correo electrónico ou avisan de que os seus fillos non asisten ao comedor un día a través do correo do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

AREAS	GRUPOS	ENSINANZAS		MEDIA AREA
		PRIMARIA	ESO	
A -Liderado	Equipo Directivo	4,2	3,5	3,60
	Profesorado	3,1	3,6	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,9	3,9	3,52
	Profesorado	3,1	3,3	
	Alumnado	4,1	2,8	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9	3,9	3,88
	Profesorado	3,5	3,8	
	Alumnado	4,1	4,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6	3,6	3,72
	Profesorado	4,0	3,7	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1	4,1	3,94
	Profesorado	3,6	4,0	
	Alumnado	-	3,9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4	3,4	3,46
	Profesorado	3,3	3,4	
	Alumnado	4,1	3,2	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,2	3,2	3,06
	Profesorado	2,8	3,1	
	Alumnado	-	3,0	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,3	3,45
	Profesorado	3,2	3,5	
	Alumnado	4,0	3,4	

En todas as áreas, excepto nas “Prácticas de avaliación” acadamos puntuacións que nos sitúan por riba do “aprobado” xa que superamos o 3,4 como media.



Destacamos como puntos fortes a área de “Pedagogía: Apoio e Recursos” e “Infraestruturas e Equipos” cunha valoración media próxima ao 4.

O noso punto débil está na área de “Prácticas de avaliación”, onde acadamos só un 3 e é o ítem menos valorado polo profesorado.

### Test CDD:

#### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	38	40	<u>95%</u>
PROVISIONAL	4	6	83,3%
INTERINO	5	2	100%
SUBSTITUTO	6	4	100%
DESRAZADO	2	6	100%

Neste ítem destacamos o alto grado de participación na realización do test por parte do profesorado, independentemente da súa situación no centro superando en todos os casos o 80 % de participación.

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	58,8	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	83,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
EP	63	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)





### ***Distribución do profesorado por niveis***

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	5,5%
A2	21	38,2%
B1	15	27,3%
B2	14	25,5%
C1	2	3,6%
<b>TOTAL</b>	<b>55</b>	<b>100%</b>

O nivel de competencia media acadada polo centro foi de 74,8, que nos sitúa dentro do nivel competencial medio da nosa comunidade; acadamos polo tanto o nivel Integrador (B1).

Podemos diferenciar por etapas, así en educación primaria e infantil acadamos una media de 60,9 que sitúa a estas etapas no nivel Explorador (A2). Por outra banda en educación secundaria a media acadada é alta, do 83,3, que sitúa a esta etapa no nivel Integrador (B1).

Por último destacar que temos na actualidade 3 profesores/as que só acadan o nivel competencial de Principiante (A1) polo tanto este profesorado necesitaría máis axuda inicial para elevar a súa competencia inicial.

A maioría do claustro (36 profesores/as) acadan competencias exploradoras ou integradoras polo que é un bo número como punto de partida para seguir mellorando.

Finalmente hai 2 profesores/as que logran unha media de nivel de Líder (C1) e 14 profesores que acadan unha media de Experto/a (B2) que serían os encargados de dinamizar este plan e axudar ao resto de compañeiros.



### **OUTRAS FONTES: Observación directa**

A pandemia provocada polo SARS- CoV-2 acelerou no noso centro a aposta polo ensino dixital.

Dende marzo de 2019, tivemos que realizar unha actuación de emerxencia non planificada para resolver a grave situación de confinamento.

Co paso dos meses empezamos a planificar mellor e observamos a necesidade da implantación de ferramentas dixitais para a contorna educativa así como tentamos a mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado.

Observamos tamén que nalgún caso tiñamos a necesidade de formar ao profesorado e ao alumnado con ferramentas dixitais.

Por último, dende o equipo directivo, decatámonos durante este tempo dunha falta de recursos tecnolóxicos por parte do alumnado que con este plan tentaremos solucionar.



### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Todos os items acadan como mínimo 3,6. O centro dispón de equipamento EDIXGAL dende 5º de primaria ata 4º da ESO. En 4 de primaria temos ordenadores para todo o alumnado. Ademais todas as aulas teñen ordenador e canón. A aula de informática é un aula multimedia con 20 ordenadores dispoñibles.	Descoñecemento nalgún caso da lexislación sobre protección de datos. As veces a conexión a internet non é a adecuada. Nalgún caso os equipos informáticos están algo anticuados.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Nos aspectos do desenvolvemento profesional continuo, apoios e recursos obtemos unha puntuación de 3,8 .Por outra banda da análise do test CDD os resultados manifestan unha alta porcentaxe 74,8% de competencia integrador B1	As prácticas de avaliación presentan unha media inferior a 3 no SELFIE e nos proxectos interdisciplinares ocorre o mesmo.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	A competencia da persoa administrativa é adecuada ao seu traballo.	A competencia do resto de persoal non docente é susceptible de mellora.
	<b>ALUMNADO</b>	A creación de contidos dixitais e as habilidades dixitais para diferentes materias obtén unha media de 3,6 no SELFIE.	As maiores dificultades para o alumnado as atopamos en aprender a codificar e programar así como en resolver problemas técnicos.
	<b>FAMILIAS</b>	Alto porcentaxe de familias usuarias da aplicación Abalar, temos 770 usuarios de alta.	Algunha familia ten problemas de conexión e a súa competencia dixital é baixa ou moi baixa.
	<b>OFERTA</b>	Podemos ofrecer ao noso alumnado dende 5 de primaria ata 4 da ESO o programa EDIXGAL.	Os equipos informáticos de educación infantil así como os 1º,2º,3º, e 4º de primaria son moi antigos.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Equipo directivo consolidado con 11 anos no cargo e cun proxecto de centro ben definido. Boa coordinación entre as diferentes etapas educativas. Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do uso das TICs e da realización dun proxecto dixital real e práctico.	Incremento nos último anos dos trámites administrativos que son responsabilidade do equipo directivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Que a Consellería de Educación renove os equipos máis obsoletos. Que as persoas responsables das TICs e EDIXGAL teñan unha redución horaria definida.	A posibilidade de que os equipos máis antigos deixen de funcionar. O mantemento dos equipos informáticos non sexa o adecuado.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Aproveitar a Resolución para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2022/23.	Que a lexislación non defina na mesma reducións horarias para os coordinadores/as
	<b>CONTORNA</b>	Familias con pais e nais nados xa na era dixital e acostumados ás nova tecnoloxías. Incorporación ao concello nos últimos anos de familias cun nivel socioeconómico medio-alto. Alta capacidade de adecuarse ao ensino dixital.	O mal uso das novas tecnoloxías e a problemática das redes sociais.



<b>ANPA</b>	Incrementar a súa participación nas actividades do centro unha vez recuperada a normalidade trala COVID-19.	Baixa participación das familias na asociación e dificultades para encontrar persoas que a xestio- nen.
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	A boa relación co Concello permite que doten de rede wifi ás familias máis necesitadas e reali- zar proxectos de formación para as familias.	Moitas das accións entre Concello e centro de- pende da boa vontade de ambas partes. Non é nada lexislado.

### 3. PLAN DE ACCIÓN

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira.

Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, á formación do profesorado e do alumnado e as circunstancias derivadas da pandemia de COVID.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo cuantificable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso.

Para poder traballar cada un dos obxectivos, móstrase a información en táboas que recollen os seguintes aspectos:

#### **Obxectivos**

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros), á análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado e segundo as necesidades detectadas derivadas da situación que se vaia desenvolvendo.



Partindo deste mapa integral de diagnose , fixéronse os obxectivos deste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

### 1. Obxectivos para os membros do equipo directivo

1.1. Adquirir competencias dixitais relacionadas co traballo organizativo do centro.

1.2. Utilizar as ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e a eficiencia dos procedementos administrativos e relacionados coa comunicación.

### 2. Obxectivos para o profesorado

2.1. Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel de competencias dixitais europeos.

2.2..Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, da información que delas poida sacar, e da formulación pedagóxica que para elas teña.

2.3. Saber consultar información na rede, tanto de temas de investigación profesional como de temas interesantes para a súa actividade docente.

2.4. Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do centro: programacións, memorias, plans, situacións de aprendizaxe, xestión académica.

### 3. Obxectivos para o alumnado

3.1. Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.

3.2. Utilizar internet e as redes sociais con responsabilidade, informando dos riscos e minimizándoos con información específica.



3.3. Evitar a fenda dixital que pode causar a situación actual entre os estudantes con recursos e os que non os teñen.

#### 4. Obxectivos para a xestión e funcionamento do centro

4.1. Manter e mellorar as vías de comunicación virtual do centro.

4.2. Manter e mellorar a páxina web e as redes sociais do centro como medio difusor de información que sexa relevante para o centro. Crear unha imaxe positiva do uso de ferramentas dixitais para a aprendizaxe.

4.3. Utilizar de forma efectiva as ferramentas de xestión do centro que nos ofrece a Consellería de Educación.

